

**O PSOE de Chantada denuncia que o concello leve sen Interventor/a máis dunha semana e esixe ao alcalde que cubra esta praza para evitar “o caos administrativo”**

Raquel López lamenta que, unha vez máis, “teñamos que volver a criticar a deixación de funcións do rexedor”, pois esta situación vense repetindo dende 2010; ano dende que diferentes Secretarios pasaron por este concello

Asegura que neste concello se “está a vivir unha situación insólita, pois estas ausencias paralizan a xestión diaria”. É o caso, do pago de distintas facturas nas que para proceder ao seu aboamento é preciso a sinatura deste/a profesional ou para a elaboración dos Orzamentos do vindeiro ano

**CHANTADA, 4 DE NOVIEMBRE DE 2014.-** Os socialistas de Chantada denuncian que o concello leve máis dunha semana sen Interventor/a, e esixen ao alcalde a que cubra “de inmediato” esta praza para que, tal e como pasou noutras ocasións, se evite “o caos administrativo” na entidade local. Deste xeito, a voceira do PSOE neste municipio –Raquel López Rodríguez- lamenta que, unha vez máis, “teñamos que volver a criticar a deixación de funcións do rexedor”, pois esta situación vense repetindo dende 2010; ano dende que diferentes Secretarios pasaron por este concello.

Esta reiterada falla de persoal cualificado ten, segundo explica a socialista, consecuencias negativas para o desenvolvemento administrativo da entidade local. Concretamente, ralentiza determinadas xestións municipais nas que estes funcionarios teñen un papel moi importante. É o caso, sinala, da elaboración dos Orzamentos do vindeiro ano. “Só queda un mes para que remate este exercicio, polo que sen Interventor malamente o Goberno local pode ir avanzando no deseño do proxecto presupostario de 2015”, afirma.

**“Algo falla”**

Concretamente, o concello de Chantada “leva xa tres secretarios e varios Interventor/es”, o que demostra que “algo falla”. Por este motivo, o grupo municipal socialista esíxelle ao alcalde “responsabilidades neste asunto, pois para dar un servizo axeitado aos veciños, o primeiro que temos que ter é persoal cualificado”. Trátase, asegura Raquel López, dunha cuestión primordial, xa que “como pode estar facendo fronte o concello aos pagos, por exemplo, se son precisas varias sinaturas, entre elas a do Interventor/a, e non hai?”, pregúntase.

Neste senso, incide en que “o concello precisa deste empregado/a, dada a carga de traballo que soporta, con Xuntas de Goberno semanais, Plenos, e asuntos urxentes que resolver. En Chantada seguimos vivindo unha situación insólita, pois estas ausencias paralizan a xestión diaria. Agardamos que, desta volta, o alcalde actúe con máis celeridade co fin de que non se volvan a producir os episodios anteriores, nos que estas ausencias se prolongaron substancialmente no tempo”.